

JAVIER  
MOSQUERA

## PROTAGONISTAS DA RECONQUISTA DE VIGO

**B**ernardo González del Valle, naceu en 1771 no lugar de Cachamuiña, en Pereiro de Aguiar e de aí vénelle o seu alcume co que foi máis coñecido.

É un personaxe clave da Reconquista de Vigo cuxa biografía foi estudiada minuciosamente, como os traballos de Emilio Estévez Rodríguez publicados polo Instituto de Estudos Vígeses ou a reseña no libro Terra do Fragoso, do que fose Cronista da Cidade, José Espinosa.

Era fillo dun militar e da herdeira da casa fidalga de Trasariz, que él herdaría anos máis tarde.

Aos vinte anos obtivo o emprego de subtenente das Milicias provinciais, sendo destinado ao rexemento de Ourense que se achaba de garnición en Ferrol.

Dous anos despois tomou parte na guerra franco-española, destacado nos Pireneos, onde lle fixeron capitán de granaderos polo seu comportamento.

Pai xa dunha filla, en 1806 casou coa compostelana Josefa de Billeteros, parente do que máis tarde sería ministro, López Ballesteros.

Cando España se levantou en 1808 contra as tropas napoleónicas, o Marqués da Romana, que mandaba o exército destinado a combatir aos franceses en Galicia nomeoule, con plenos poderes e ilimitadas facultades, comandante dos patriotas que se alistarían para combater ao exército invasor.

Desde o 28 de febreiro e até o dous de marzo, sostivo varios combates en distintos pobos da provincia de Ourense como Lebosende, Cabanelas ou San Clodio, forzando a retirada da tropa francesa e deixando prisioneiros en poder dos vecíños.

De ali pasou á zona de Santiago, onde puidó reunir unha tropa de máis de mil homes e con el fixo fronte a unha columna inimiga moi máis numerosa, que desde Soutelo de Montes dirixíase a Boborás e optou por desprazarse até Pontevedra e despois até Santiago para eludir o enfrontamento.

En Pontevedra deu descanso á súa columna, integrada xa por máis de cinco mil homes e á que se uniron outros doucentos do Rexemento da Vitoria, con Francisco Colombo e Pablo Trasfoguerio, con quen se reuniu e comunicoulles a súa intención de apoderarse de Vigo, formulación que foi moi discutido debido á desigualdade de forzas pero que non variou a idea de Cachamuiña.

Avanzou polo camiño de Redondela, onde se informou das fuerzas que compunfan a garnición francesa da praza de Vigo e á manha seguinte continuaron avan-



## Bernardo González del Valle, "Cachamuiña"

Resultou ferido con catro balas de fusil na porta da Gamboa → As súas cinzas están desde 1932 nun mausoleo no cemiterio de Pereiro

zando, chegando a situarse case a un tiro de canón dos castelos.

### Ferido na Gamboa

Uníronse entón as forzas de Cachamuiña e Pablo Morillo coas acudilladas polo abade de Valadares e o alcalde de Fragoso, estreitando combinadamente o bloqueo e tomando Morillo o mando despois de ser nomeado

coronel.

Cachamuiña resultou ferido con catro balas de fusil no intento de derrubar a Porta da Gamboa ao relevar ao mariteiro Carolo, o que lle tivo prostrado en cama durante tres meses.

Os xefes proclamaron comandante de armas e gobernador da praza vígesa a Colombo, pero a presión popular fixo que o cargo

recaese en Cachamuiña, que adoptou diversas medidas para reforzar a súa posición ameazando con tratar como desertores e pasar polas armas aos soldados dispersos que non se puxesen á súa ordes. O Marqués da Romana lle nomeou coronel e gobernador de Tui.

En outubro dese mesmo ano recibiu o nomeamento de xefe da

Lexión de Voluntarios do Ríbero, "en atención ás circunstancias que en V.S concorren de valor, pericia militar e outros méritos que acaba de contraer na expugnación da praza de Vigo, que ordenará en batallones proponeiros os xefes que xulgue más adecuados para mandalo".

Ese mesmo ano e a finais de novembro, a súa nai, Juana do Val decidiu, de forma unilateral, ceder ao seu fillo Bernardo, coronel da Lexión de Voluntarios do Ríbero, o vínculo e mayorazgo de que era titular en Trasariz, cesión que outorgou en atención ás boas pezas e accións de que o cesionario fixera mérito e era digno acreedor.

**Naceu en 1771 en Pereiro de Aguiar**

Xa coas tropas francesas cada vez máis afastadas de Galicia e a batalla asturiana estaba a piques de vencerse, Cachamuiña, sen funcións claras que exercitar no plano militar, considerou cumprida o labor que se lle encargou en defensa dos intereses das terras galegas fronte ás forzas napoleónicas. E así, desengañado e contrariado coa situación a que lle relegou a Xunta galega e mal curado das feridas que recibise en Vigo, decidiu a finais de 1811 pedir o retiro como militar en activo e descansar na súa terra natal.

O retiro foille concedido en base ás súas feridas mal curadas, como inutilizado en campaña e co haber pasivo de 1.800 reais mensuais, que non disfrutaria ata 1828, pasando a ocuparse de salvaguardar, coidar e dirixir as súas propiedades. Fixou a súa residencia cos súa esposo en Cachamuiña constituyendo o fogar familiar na casa paterna, iniciando unha nova vida de propietario e agricultor.

Anos máis tarde foi nomeado comisionado para facer os arrendamentos e cobranzas de Decimais do Obispado de Lugo e en febreiro de 1831 regresou á súa casa de Cachamuiña, onde faleceu o 6 de setembro de 1848.

As súas cinzas foron trasladadas a Vigo polo Centro de Hijos de Vigo, que as depositou nun mausoleo do cemiterio de Pereiro o 9 de agosto de 1932.

O Concello decidiu darlle o seu nome á rúa que enlaza a fonte da Falperra co campo de granada, hoxe inicio da Ronda de Don Bosco.



**Tenencia de Alcaldía  
Concello de Vigo**